

Boletín Nº 255. Jueves, 7 de noviembre 2007

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO DE APOIO PSICOTERAPÉUTICO E ESTIMULACIÓN/REEDUCACIÓN DA LINGUAXE

Artigo 1.º .-Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo municipal de apoio psicoterapéutico e estimulación/reeducación da linguaxe, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º .-Obxecto do servizo.

O servizo pretende o apoio e a promoción da calidade de vida entre as familias con nenos que presenten distintas situacións problemáticas ou de risco en canto ó seu desenvolvemento evolutivo, entendendo as intervencións dende o punto de vista da interdisciplinabilidade.

Artigo 3.º .-Beneficiarios.

Toda persoa entre 0 e 12 anos en situación de risco por problemas de desenvolvemento evolutivo, empadroada no Concello de Brión, e sempre que este sexa o recurso adecuado segundo as estimacións dos profesionais do Departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria.

O límite en canto a beneficiarios dependerá do tempo de dedicación dos profesionais que prestan o servizo.

Artigo 4.º .-Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento os pais ou os representantes legais dos menores beneficiarios.

Artigo 5.º .-As tarifas.

Establécese a tarifa en función da renda per cápita familiar na forma en que foi estimada polo Departamento de Servizos Sociais de base, en cantidades que oscilan entre 50,48 euros é 144,24 euros/mes, segundo o cadro que se incorpora:

Ingresos (mes/p.c.) euros/mes	Contribución usuarios (euros)
150,25	50,48
150,26-210,35	57,70
210,36-270,45	72,10
270,46-360,60	86,54
360,61-420,70	93,76

420,71-510,85	108,08
+510,85	144,24

Estas tarifas entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2003, e experimentarán anualmente un incremento equivalente ó índice de prezos ó consumo (IPC).

Artigo 6.-Formas e prazos para o pagamento das taxas.

As cotas correspondentes aboaranse por parte dos beneficiarios nos cinco primeiros días de cada mes seguintes á mensualidade posta ó cobramento.

Só en casos debidamente xustificados e por razóns económicas, se poderá librar o importe de varias mensualidades xuntas, ou mesmo o importe total destas (ano natural).

Artigo 7.º .-Defraudación.

A defraudación sancionarase con multas ata o duplo das cotas que se teñan deixado de percibir polo uso do servicio.

Artigo 8.º .-Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e se teña por transcrito o prazo a que fai referencia o artigo 70.2, en relación co 65.2, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Brión, 21 de outubro de 2002.